

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, OS COLEXIOS OFICIAIS DE ODONTÓLOGOS E ESTOMATÓLOGOS DE GALICIA E OS COLEXIOS OFICIAIS DE FARMACÉUTICOS E FARMACÉUTICAS DE GALICIA, NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS PRESCRITORES DUNHA PLATAFORMA HOMOLOGADA DE RECEITA PRIVADA ELECTRÓNICA EN GALICIA

Santiago de Compostela, na data da derradeira sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade, de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, co Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e co establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra, D. José María Suárez Quintanilla, presidente do Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da X Rexión (A Coruña), con CIF Q1566006A.

Dona María Núñez Otero, presidenta do Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo, con CIF Q2701005G.

Dona Adriana Sanz Marchena, presidenta do Colexio Oficial de Dentistas da XI Rexión (Pontevedra-Ourense), con CIF Q3666004A.

Dona Sara Catraín González, presidenta do Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia da Coruña, don Manuel Ángel Barreira Fernández, presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia de Lugo, don Santiago Leyes Vence, presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia de Ourense e dona Beatriz García Iglesias, presidenta do Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia de Pontevedra.

Todas as partes, na representación que ostentan, recoñécense mutuamente a capacidade necesaria para a subscripción do presente convenio, e para tal efecto

EXPOÑEN:

I. O texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2015, de 24 de xullo, establece no artigo 79.1 que a receita médica, pública ou privada, e a orde de dispensación hospitalaria son os documentos que aseguran a instauración dun tratamento con medicamentos por instrución dun médico, un odontólogo ou un podólogo, no ámbito das súas competencias respectivas, únicos profesionais con facultade para receitar medicamentos suxeitos a prescrición médica.



Segundo o artigo 19.6 do citado real decreto legislativo, correspóndelle ao ministerio competente en materia de sanidade o establecemento dos requisitos mínimos, características e prazo de validez das receitas médicas.

Neste contexto, cómpre atender ao Real Decreto 1718/2010, do 17 de decembro, sobre receita médica e ordes de dispensación, que define a receita médica como o documento de carácter sanitario, normalizado e obrigatorio mediante o cal os médicos, odontólogos ou podólogos, legalmente facultados para iso, e no ámbito das súas competencias respectivas, prescriben aos pacientes os medicamentos ou produtos sanitarios suxeitos a prescripción médica, para a súa dispensación por un farmacéutico ou baixo a súa supervisión, nas oficinas de farmacia e boticas anexas dependentes das mesmas ou, conforme ao previsto na lexislación vixente, noutros establecementos sanitarios, unidades asistenciais ou servizos farmacéuticos de estruturas de atención primaria, debidamente autorizados para a dispensación de medicamentos.

As características e demais requisitos de aplicación para as receitas médicas, nos respectivos ámbitos da asistencia sanitaria pública e privada, incluídos os específicos das estendidas e/ou editadas en soporte informático, quedan suxeitos ao disposto no citado Real Decreto 1718/2010, do 17 de decembro, onde se indica que as receitas médicas, públicas ou privadas, poden emitirse en soporte papel, para enchelas de xeito manual ou informatizado, e en soporte electrónico, e deberán ser complementadas cunha folla de información ao/á paciente, de entrega obrigada ao mesmo, na que se recollerá a información do tratamento necesaria para facilitar o uso adecuado dos medicamentos ou produtos sanitarios prescritos.

O persoal prescriptor deberá consignar na receita e na folla de información para o/a paciente os datos básicos indicados no artigo 3 do Real Decreto 1718/2010, do 17 de decembro, que son datos obrigatorios e imprescindibles para a validez da receita médica.

II. Polo que se refire, en concreto, á receita médica privada, en soporte papel, axustarase para a prescripción de medicamentos e de produtos sanitarios suxeitos a prescripción, aos mesmos criterios establecidos para as receitas médicas oficiais do Sistema Nacional de Saúde no artigo 5.5 do devandito real decreto, en todo o referente a número de medicamentos ou, no seu caso, de produtos sanitarios, número de envases, validez e duración do tratamento. Deberá terse en conta, así mesmo, que nunha mesma receita médica non poderán prescribirse conxuntamente medicamentos con produtos sanitarios.

Pola súa banda, na receita médica privada electrónica poderase prescribir un ou varios medicamentos e produtos sanitarios, coas limitacións establecidas regulamentariamente para a prescripción de medicamentos estupefacientes incluídos na lista I da Convención Única de 1961 de estupefacientes.

Ademais, na receita médica privada electrónica deberá terse en conta o seguinte:



a) A prescrición efectuarase conforme ao disposto no artigo 8 do citado real decreto. O acceso ao sistema de receita médica privada electrónica efectuarase a través do certificado do DNI electrónico do/da paciente e en caso de imposibilidade accederase a través do Documento Nacional de Identidade ou no seu caso do pai, nai ou titor/a, ademais do certificado electrónico do persoal prescriptor.

b) O persoal prescriptor poderá realizar a impresión da folla de medicación activa, en función das características do sistema implantado.

c) Os tratamentos prescritos ao/á paciente en receita médica privada electrónica poderán ser dispensados en calquera oficina de farmacia do territorio nacional. Segundo dispón o artigo 14.2 do real decreto, para garantir este dereito aos/ás pacientes, establecerase polos consellos xerais das organizacións colexiais corporativas de médicos, odontólogos, podólogos e farmacéuticos en coordinación coas Administracións sanitarias, o procedemento de homologación do sistema de receita privada electrónica que posibilite a súa interoperabilidade, preservando o dereito do/da paciente á protección dos datos da súa historia clínica, e tendo en conta o disposto no artigo 11 do dito real decreto e garantindo así mesmo o cumprimento dos requisitos obrigatorios para as receitas médicas establecidos nesta disposición.

III. O 19 de decembro de 2019, os Consellos Xerais de Colexios Oficiais de Médicos, Dentistas, Podólogos e Farmacéuticos asinaron un convenio de colaboración polo que se fixan as bases, posta en marcha, funcionamento e gobernanza do Sistema de Receita Privada Electrónica.

No devandito convenio, fíxanse uns estándares mínimos de interoperabilidade, para que un medicamento prescrito electronicamente no ámbito da sanidade privada poida ser obxecto de dispensación en calquera oficina de farmacia do territorio nacional, nos termos establecidos no artigo 14.4 do Real Decreto 1718/2010, do 17 de decembro, con plena garantía de seguridade no acceso e transmisión da información e protección da confidencialidade dos datos persoais, así como do cumprimento dos requisitos obrigatorios para as receitas médicas establecidos na normativa sanitaria vixente.

O Sistema de Receita Electrónica Privada (SREP) é un conxunto organizado de axentes, e de plataformas operadas polos mesmos ou terceiros autorizados que, no ámbito da sanidade privada, relaciónanse nunha solución interoperable con base nuns estándares mínimos esixidos coa fin de facilitar a prescrición aos/ás pacientes, nun soporte electrónico, polos/as profesionais legalmente facultados para prescribir medicamentos e produtos sanitarios para que poidan ser posteriormente dispensados, de maneira que se garantan as condicións de interoperabilidade, seguridade no acceso, transmisión da información e protección da confidencialidade dos datos persoais, así como o cumprimento dos requisitos obrigatorios para as receitas médicas electrónicas privadas previstos no Real decreto 1718/2010, do 17 de decembro, así como no resto de normativa de aplicación.



IV. A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde. Entre as súas competencias, figura a de inspección de todos os centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias e farmacéuticas de titularidade pública ou privada da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao respecto das competencias en materia de inspección, cómpre apuntar que os incumprimentos do disposto no Real Decreto 1718/2010, do 17 de decembro, en relación coa receita médica (xa sexa pública ou privada) terán a consideración de infraccións en materia de medicamentos e seralle de aplicación o réxime sancionador previsto no texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.

V. Pola súa banda, os colexios oficiais e os consellos galegos de colexios son corporacións de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que desenvolven a súa actividade no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Entre os fins dos colexios oficiais destacan os de ordenar, no ámbito da súa competencia, o exercicio da profesión, e, polo que respecta ao presente instrumento de colaboración, velar en todo momento polo correcto comportamento profesional, esixindo dos/as colexiados/as a preparación e pericia obxectivamente requirida así como a utilización dos medios adecuados para o correcto exercicio profesional, así como calquera outras funcións que sexan beneficiosas para os intereses profesionais e que sexan encamiñadas ao cumprimento dos obxectivos colexiais, de acordo cos intereses da sociedade. Os consellos galegos de colexios profesionais, pola súa banda, teñen como fins a coordinación dos colexios profesionais que os integran e a representación da profesión no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia; manter relacións coas institucións e a Administración autonómica, en especial co Goberno galego, para facilitar a mutua colaboración de cara á mellor satisfacción dos intereses sociais e profesionais cuxa defensa teñen encomendada; así como todos aqueles que, de acordo coa Lei, os seus estatutos e regulamentos establezan.

VI. Ao abeiro da esixencia da receita médica como documento imprescindible para a seguridade do/da paciente, aquelas deben emitirse seguindo as características e demais requisitos de aplicación previstos no Real Decreto 1718/2010, do 17 de decembro, como quedou referido anteriormente.

Deste xeito, con motivo da protección do/da paciente, así como da necesidade de fomentar a prescrición electrónica co fin de mellorar a calidade, seguridade e trazabilidade na prescrición de medicamentos e evitar a fraude de medicamentos e produtos sanitarios, cómpre que o órgano da consellería de sanidade con competencias en materia de inspección de servizos sanitarios desenvolva accións de control tanto sobre a prescrición por parte dos/das



profesionais da medicina, da odontoloxía e da podoloxía como a dispensación a través das oficinas de farmacia, de aí a conveniencia da posta en funcionamento desta iniciativa que facilite as actuacións de inspección e control farmacéutico.

Polo anteriormente exposto, as partes que interveñen acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración da Consellería de Sanidade, os Colexios Oficiais de Odontólogos e Estomatólogos de Galicia (en representación destes axentes prescritores de receitas médicas) e os Colexios Oficiais de farmacéuticos e farmacéuticas de Galicia (en representación dos axentes dispensadores da receita médica) para o impulso do uso da Receita Privada Electrónica en Galicia, a través da posta a disposición dos/das colexiados/as prescritores/as, e co financiamento da consellería de Sanidade, dunha plataforma de prescrición homologada que permita a debida transmisión de información entre profesionais sanitarios, así como servir de garantía aos/ás pacientes en canto ao cumprimento terapéutico e á obtención da máxima eficiencia do tratamento.

Para tal efecto, os Colexios Oficiais de Odontólogos e Estomatólogos de Galicia formalizaron coa entidade APLICACIONES SALUD SL. (DOCLINE), empresa de tecnoloxía especializada no sector da saúde dixital, un contrato de prestación de servizos para o uso dun software referido á Receita Electrónica Privada, que conta coa homologación definitiva do Consello Xeral de Colexios de Médicos de España, tendo superado neste caso, as probas de integración con Nodofarma (Nodo de interoperabilidade do SREP xestionado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Farmacéuticos de España) que se esixen como parte do proceso para a obtención da homologación definitiva do sistema de Receita Electrónica Privada.

A citada prestación de servizos ascende a un importe total de 5 808 € anuais, IVE engadido.

Segunda. Compromisos da Consellería de Sanidade

A Consellería de Sanidade comprométese a colaborar no financiamento da posta a disposición dos/das prescritores/as da plataforma homologada de receita electrónica privada, para o cal achegará a cada un dos Colexios Oficiais de Odontólogos e Estomatólogos de Galicia o importe que de seguido se indica, en proporción ao número de colexiados/as de cada un deles:

Colexio Oficial	N.º de colexiados	Contía da subvención
A Coruña	1. 075	2 538,05 €, (IVE engadido)
Lugo	256	604,41 € (IVE engadido)



Pontevedra-Ourense	1.129	2 665,54 € (IVE engadido)
Importe total da subvención		5 808 € anuais, IVE engadido

Esta contía aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 1201.411A.481.1, proxecto 2022.00.107, actividades de interese sanitario, na que existe crédito axeitado e suficiente.

Terceira. Compromisos dos Colexios Oficiais de Odontólogos e Estomatólogos de Galicia

Os Colexios Oficiais de Odontólogos e Estomatólogos de Galicia, en tanto que axentes implicados na prescrición de receita médica, asumen os seguintes compromisos:

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio, en particular, por a disposición dos seus colexiados/as os medios tecnolóxicos axeitados para a prescrición da receita privada electrónica, permitindo o uso do software DOCLINE, para que estes poidan, de forma voluntaria, efectuar a prescrición nesta plataforma conforme o SREP, e que a receita se cubra segundo o modelo establecido no sistema.
2. Divulgar entre os seus colexiados a posta a disposición, de maneira gratuita, da plataforma homologada de receita electrónica privada DOCLINE, os cales previamente e de forma voluntaria, deberán aceptar os termos e condicións do contrato de prestación de servizos para o uso da licenza de software DOCLINE.
3. Colaborar coa consellería de Sanidade no desenvolvemento e execución de programas específicos de inspección dirixidos á detección da fraude e outras actividades ilícitas en prestacións farmacéuticas, así coma toda actuación de inspección e control farmacéutico.

En especial, colaborar, dentro das súas posibilidades, para que a consellería de Sanidade poida levar a cabo as súas funcións de inspección legalmente establecidas, concretamente controlar que a prescrición de receita privada electrónica se desenvolve consonte ás condicións e requisitos previstos no Real Decreto 1718/2010, do 17 de decembro, sobre receita médica e ordes de dispensación, dado que esta regulamentación incorpora medidas antifraude e de trazabilidade co obxecto de garantir ao profesional médico e ao farmacéutico a legalidade e autenticidade da prescrición e evitar os usos indebidos na obtención de medicamentos e produtos sanitarios dun xeito fraudulento.

4. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como someterse ás obrigas dos beneficiarios establecidas no artigo 11 da mesma lei.
5. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, asumen, na súa condición de beneficiarios, a total responsabilidade ante a consellería de Sanidade.



6. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas de Galicia e polo Tribunal de Contas, no seu caso, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

7. Comunicar á Consellería de Sanidade a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

Cuarta. Compromisos dos colexios oficiais de farmacéuticos e farmacéuticas de Galicia

Os colexios oficiais de farmacéuticos e farmacéuticas de Galicia, en tanto que axentes implicados na dispensación, asumen os seguintes compromisos:

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio, e en especial, colaborando para que os/as colexiados/as acceden aos medios tecnolóxicos axeitados para a dispensación da receita privada electrónica.
2. Colaborar coa consellería de Sanidade no desenvolvemento e execución de programas específicos de inspección dirixidos á detección da fraude e outras actividades ilícitas en materia de prescrición e dispensación de receitas, así coma toda actuación de inspección e control farmacéutico.

En especial, colaborar, dentro das súas posibilidades para que a consellería de Sanidade poida levar a cabo as súas funcións de inspección legalmente establecidas, concretamente controlar que a dispensación de receita privada electrónica se desenvolve consonte ás condicións e requisitos previstos no Real Decreto 1718/2010, do 17 de decembro, sobre receita médica e ordes de dispensación, dado que esta regulamentación incorpora medidas antifraude e de trazabilidade co obxecto de garantir ao profesional farmacéutico a legalidade e autenticidade da prescrición e evitar os usos indebidos na obtención de medicamentos e produtos sanitarios dun xeito fraudulento.

Quinta. Procedemento de concesión

Logo de ver o expresado na cláusula primeira, a especificidade das características e da actividade desenvolvida en torno á prescrición e dispensación de receita privada electrónica, ligada á idea de colaboración cun fin de interese público fan imposible a efectividade do principio de concorrencia na concesión da achega económica.



Por tal motivo, dado o interese público, social e humanitario das actividades obxecto deste convenio, e o seu carácter singular inherente á propia existencia dos consellos e colexios oficiais asinantes do convenio, segundo se recollen nos seus estatutos, non procede a realización de convocatoria pública, consonte co artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta. Pagamento e xustificación

1. O pagamento da subvención a cada un dos Colexios Oficiais de Odontólogos e Estomatólogos de Galicia, como entidade beneficiaria, farase efectivo previa presentación das xustificacións dos gastos realizados, nos termos establecidos nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 44 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade, segundo o artigo 60.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Ademais, atendendo ao artigo 62.2 do mesmo decreto, o importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas.

2. A entidade beneficiaria xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

- Certificación expedida pola secretaría da entidade, co visto e prace da presidencia, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.

De ser o caso, relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



A data límite para a xustificación dos gastos será o día 15 de decembro de 2025, e a documentación deberá dirixirse á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

3. No caso de que o gasto xustificado pola entidade non acadase a contía total da subvención prevista na cláusula segunda, a Consellería de Sanidade só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.

Sétima. Compatibilidade

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

No seu caso, cada un dos Colexios Oficiais de Odontólogos e Estomatólogos de Galicia deberá presentar unha declaración do conxunto de todas as solicitudes de subvención efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade ante as administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.

Oitava. Ausencia de relación contractual

A subscrición do presente convenio non conleva relación contractual ningunha entre a Consellería de Sanidade e os profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio, de tal xeito que por este concepto non se poderán esixir responsabilidades nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

Novena. Comisión de seguimento

1. Coa finalidade de asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento á que corresponderán as seguintes funcións:

- a) Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.
- b) Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.
- c) Proponer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

2. A comisión estará formada por catro persoas:



- dúas en representación da Consellería de Sanidade (unha pola Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información e outra pola Subdirección Xeral de Inspección de Servizos Sanitarios)
- unha en representación dos Colexios Oficiais de Odontólogos e Estomatólogos de Galicia
- unha en representación dos Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia

A comisión reunírase por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos unha das persoas representantes de cada entidade.

Décima. Natureza e réxime xurídico do convenio

1. Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións, así como nas demais normas que resulten de aplicación.
2. As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Sanidade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo primeira. Revogación, reintegro e resolución

1. A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.
2. Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para os colexios oficiais nas cláusulas deste convenio.
3. En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes, así como a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

Décimo segunda. Publicidade

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de



transparencia e bo goberno, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Décimo terceira. Vixencia

O prazo de vixencia deste convenio será dende o día da súa sinatura até o 31 de decembro de 2025.

Este convenio será prorrogable de común acordo, cando as circunstancias do cumprimento do seu obxecto o aconsellen, con sinatura da prórroga por ambas partes, por un período de ata 4 anos adicionais como máximo, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Sanidade

Antonio Gómez Caamaño

Polos Colexios Oficiais de Odontólogos e Estomatólogos de

A Coruña

Lugo

Pontevedra-Ourense

José M^a Suárez Quintanilla

María Núñez Otero

Adriana Sanz Marchena

Polos Colexios Oficiais de Farmacia de

A Coruña

Lugo

Ourense

Pontevedra

Sara Catraín González

Manuel Ángel Barreira
Fernández

Santiago Leyes Vence

Beatriz García Iglesias

